

# III XORNADAS DE FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

CEIP Francisco Vales Villamarín - IES As Mariñas - IES Francisco Aguiar  
CFR A CORUÑA

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria  
ANPA Brigantium (CEIP Francisco Vales Villamarín) - ANPA O Carregal (IES Francisco Aguiar)  
Excmo. Concello de Betanzos

9 e 10 de maio de 2014 - Aula de Cultura Xulio Cuns (edificio Liceo) BETANZOS  
HOMOLOGADA PARA DOCENTES POLA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O. U. (12 horas)  
DE CARÁCTER GRATUÍTO

Patrocinadas polo Excmo. Concello de Betanzos

Os días 9 e 10 de maio continuaremos coa andadura iniciada hai xa dous cursos e que tan grande interese está a suscitar entre os/as profesionais da educación, as familias e a sociedade en xeral.

Formar e informar á comunidade educativa sobre os modelos e perspectivas inclusivas máis axeitadas para atender á diversidade do alumnado continúa a ser o obxectivo que, nestas III XORNADAS, perseguiremos a través de conferencias, experiencias prácticas, debates e exposicións, ao tempo que agardamos que sexan, unha vez máis, punto de encontro e colaboración entre os/as profesionais das diversas etapas educativas, as familias e as institucións, co fin último de mellorar a educación do noso alumnado.

Para iso contaremos con profesionais de recoñecido prestixio dentro do campo da ATENCIÓN Á DIVERSIDADE e, como novidade, daremos voz e presenza a asociacións e entidades que prestan os seus servizos e axuda a rapaces e rapazas con algún tipo de discapacidade ou necesidade educativa, e ás súas familias, xa que consideramos que son un piar fundamental no camiño, ás veces tan duro, cara á inclusión educativa e social.

As XORNADAS teñen recoñecidas as horas de formación, dada a implicación e a xestión do CFR da Coruña e, ao igual que na anterior edición, contan con actividades paralelas de carácter lúdico-cultural.

<b>DIRIXIDO A:</b>	Docentes, pais e nais e persoas interesadas, en xeral.
<b>COMO INSCRIBIRSE:</b>	
Docentes:	<a href="https://www.edu.xunta.es/fprofe/">https://www.edu.xunta.es/fprofe/</a>
Non docentes:	<a href="http://anpabrigantium.blogaliza.org/">http://anpabrigantium.blogaliza.org/</a>
<b>DATA LÍMITE INSCRICIÓN:</b>	14 de abril de 2014.
<b>PAZAS LIMITADAS</b>	As solicitudes atenderanse por orde de inscrición.
<b>INFORMACIÓN ADICIONAL:</b>	Dispoñible a partir do 30 de abril, sobre documentación, actividades paralelas, onde comer, durmir, que visitar... <a href="http://www.edu.xunta.es/centros/ceipvalesvillamarin/">http://www.edu.xunta.es/centros/ceipvalesvillamarin/</a> <a href="http://anpabrigantium.blogaliza.org/">http://anpabrigantium.blogaliza.org/</a>

III XORNADAS DE FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE  
Betanzos, 9 e 10 de maio de 2014

# Programación

**VENRES, 9 DE MAIO**

**RECOLLIDA DE DOCUMENTACIÓN E SINATURAS (16:00 - 16:30)**

**APERTURA (16:30 - 16:45)**

Director do CEIP Francisco Vales Villamarín  
Director do CFR A Coruña  
Alcalde do Excmo. Concello de Betanzos

**1. PRESENTACIÓN: Seguimos ou plantámonos? (16:45 - 17:15)**

- Nesta breve presentación, partindo desta simple e, ao tempo, complexa pregunta introduciremos e xustificaremos os relatorios e contidos que se desenvolverán ao longo destas Xornadas
- Cantas veces nos fixemos esta pregunta ao longo das nosas vidas? E ao longo das nosas vidas profesionais? Seguimos a facer o mesmo que ata agora ou plantámonos e formulamos un cambio? Seguimos a formarnos ou plantámonos? Seguimos? Plantámonos? Que opinades?

**Duración: 1/2 hora**

**LUCÍA RUIZ CASAL (Licenciada en Psicopedagogía e mestra de AL no CEIP Francisco Vales Villamarín - Betanzos)**

**2. A ATENCIÓN EDUCATIVA Á DIVERSIDADE EN PERSPECTIVA SUPRANACIONAL (17:15 - 19:00)**

- Unha panorámica das tendencias internacionais, especialmente en Europa, sobre a atención educativa á diversidade, centradas nunha conceptualización “inclusiva” da escola. Asemade, abordaranse os distintos modelos de intervención socioeducativa que se desenvolven en diferentes países cara ás persoas que precisan dunha atención diferenciada por parte do sistema escolar.

**Duración: 1 hora e 45 minutos**

**JAVIER M. VALLE LÓPEZ (Doutor en Ciencias da Educación e profesor da Facultade de Formación do Profesorado e Educación da UAM. Director do Grupo de Investigación sobre “Políticas Educativas Supranacionais”. Asesor externo da Unidade Española de EURYDICE. Director da *Journal of Supranational Policies of Education*. Co-Director da *Revista Española de Educación Comparada*)**

**DESCANSO 19:00 - 19:25**

**(Neste período de descanso, procederase á inauguración oficial da exposición LUCES DE ALÉN MAR)**

**3. INCLUÍDOS PARA INCLUÍR (19:30 - 20:00)**

- Un espazo reservado ás asociacións que traballan a prol da diversidade, que prestan os seus servizos e axuda a nenos e nenas, familias e docentes, e que son un pilar fundamental no camiño, ás veces tan duro, á inclusión educativa e social.

**Duración: 1/2 hora**

**ASOCIACIÓN MENORIA (Menoria, que significa fogar en amárico, a lingua maioritaria de Etiopía, é unha asociación de familias adoptantes que pretende actuar como nexo de unión entre as propias familias, promove a integración dos nenos e nenas en Galicia e informa ás persoas que inicien procesos de adopción en Etiopía. Asemade, traballa no campo da cooperación, co desenvolvemento de campañas e proxectos de apoio e promoción da infancia en Etiopía)**

#### 4. MOITA POESÍA, POUCA DIVERSIÓN (20:00 - 21:00)

- Coa pretensión de chamar a atención daqueles que miran a poesía de esguello, Aldao+Lado presenta un recital de poesía moi ameno, dotado de ritmo e comunicación aberta co espectador, no que este adquire ademais un papel activo. Durante o recital haberá música en directo, xogos, historias que rodean os poemas, momentos de reflexión..., pero sobre todo comunicación poética pura e verdadeira.

**Duración: 1 hora**

**LUCÍA ALDAO e MARÍA LADO (Narración, poesía, canción...? co seu espectáculo logran rachar con moitos dos tópicos arredor da poesía)**

#### LUCES DE ALÉN MAR. AS ESCOLAS DE AMERICANOS EN GALICIA (Exposición)

Durante o desenvolvemento das Xornadas, no propio edificio Liceo, e coincidindo co centenario fundacional das Sociedades Galegas de Instrución en América e das súas realizacións académicas nas localidades de procedencia, a exposición *Luces de alén mar. As escolas de americanos en Galicia*, que recolle e reflicte a pegada da emigración en Galicia, a través das escolas construídas e postas en funcionamento, dará testemuño da conciencia, da determinación e do compromiso das sociedades de emigrantes e das súas nobres e exemplares iniciativas: varios centos de escolas construídas nas décadas finais do século XIX e no primeiro terzo do século XX, que tanto contribuíron á mellora educativa e ao progreso cultural de Galicia e da súa xente.

*As luces de alén mar*, en Betanzos sabémolo ben, axudaron a acender moitas outras luces e propiciaron en Galicia abrentes de esperanza, agora subliñados nesta exposición, ideada para axudar a difundir, coñecer e agradecer tan instrutivo compromiso solidario ao servizo da galegitude onte, hoxe e sempre.



# Programación

**SÁBADO, 10 DE MAIO (mañá)**

SINATURAS (09:45 - 10:00)

## 5. EXPERIENCIAS SIMULTÁNEAS (10:00 - 11:30)\*

Duración: 1 hora e 1/2

### 5.1. “Aprendo dos proxectos”

- Relato das propias experiencias do traballo por proxectos no 2º ciclo de E. Infantil.
  - Quen somos?
  - A nosa evolución.
  - Que é un proxecto?
  - As súas fases.
  - Exemplos das nosas experiencias.

**ESPERANZA BOUZA BEDOYA, ANA ISABEL FERNÁNDEZ FARALDO e CAROLINA NIETO HERRANZ (Mestras de Educación Infantil do CEIP Francisco Vales Villamarín - Betanzos)**

### 5.2. “Da aula de AL á aula de primaria: unha experiencia inclusiva a través das TIC”.

- *Falando enténdese a xente...* é unha bitácora persoal que vai evolucionando dende repositorio de recursos, pasando por lugar de comunicación entre compañeiros e familias, ata contornos de aprendizaxe a través das TIC. No curso 2012-2013 convértese en II Premio de Boas Prácticas de Innovación Educativa na modalidade de Atención á Diversidade.
- No curso 2013-2014 nace *A nosa clase no Otero Pedrayo* o lugar de encontro dos nenos e nenas de 4º C do cole de A Laracha.

**PATRICIA PENA BARBEITO (Mestra de AL pola Universidade Pontificia de Salamanca e diplomada en Logopedia pola USC)**

### 5.3. “A Aprendizaxe-Servizo (ApS) como medida activa de atención á diversidade”.

- A sesión estará centrada na exposición de varias experiencias desenvolvidas no IES Pino Manso do Porriño. O carácter multidisciplinar destas, os traballos do alumnado e do profesorado, os valores do traballo en equipo e a apertura do centro cara á sociedade, son algúns aspectos que impregnan a todas elas.
- Dende unha realidade próxima ao alumnado, como pode ser unha liña de ferrocarril, chégase á construción dunha maqueta ferroviaria onde se abordan contidos tecnolóxicos, históricos, xeográficos, sociais, económicos ou artísticos con carácter local e global. Deseñadas cunha parte lúdica e outra académica, onde se elaboran diferentes materiais, pasando por experiencias de Aprendizaxe-Servizo, achegan un material de importante valor á comunidade educativa.

**JUAN AGUILAR MADRAZO (Profesor do IES Pino Manso - O Porriño )**

**DESCANSO 11:30 - 11:55**

## 6. EXPERIENCIAS SIMULTÁNEAS (12:00 - 13:30)\*

Duración: 1 hora e 1/2

### 6.1. “Capacidades distintas. Oportunidades iguais”

- O labor de mestres/as de apoio como facilitadores/as de experiencias inclusivas.
- Como potenciar a aprendizaxe da comunicación dende a aula ordinaria a través do traballo por proxectos.
- Importancia dos recursos axeitados para que o alumnado con NEAE desenvolva ao máximo as súas capacidades dentro da aula ordinaria.
- Dende a experiencia ideal, a través do traballo por proxectos, onde o/a especialista de AL potencia a aprendizaxe da comunicación dende a aula ordinaria e a metodoloxía desta permite que cada alumno e alumna progrese ao seu ritmo, ata o papel que o/a especialista desenvolve cando a metodoloxía empregada é máis tradicional.

**EVA NIETO-GARCÍA ARDIÓNS (Mestra de PT do CEIP Felipe de Castro - Noia)**  
**JOSEFA IRENE ROMERO BLANCO (Mestra de PT do CEIP de Aguiño - Ribeira)**  
**MARÍA VELA FLÓREZ (Mestra de AL do CEIP plurilingüe O Grupo - Ribeira)**

### 6.2. “Cooperando, aprendemos xuntos”.

- Nesta experiencia amósannos unha formulación da atención á diversidade mediante a estruturación cooperativa da aula, poñendo en funcionamento o programa *Cooperar para Aprender / Aprender a Cooperar (CA/AC)*, nos seus tres ámbitos de intervención:
    - Cohesión de grupo,
    - Estructuras cooperativas para traballar os contidos favorecendo a participación igualitaria e a interacción simultánea.
    - Traballo en equipo como contido a ensinar.
- Deste xeito, o alumnado vai asumindo compromisos para a súa mellora canto á cooperación cos demais.

**MERCEDES COTO MARTÍNEZ (Mestra do CPI de Cova Terreña - Baiona)**  
**J. ELENA COUSO CARBALLUDE (Mestra do CEIP de Sobrada - Tomiño)**

### 6.3. “Experiencias de traballo con alumnado con NEAE na aula”

- No curso 2012-2013 Yolanda asumiu a titoría dun aula de 3º de EP cun alumno con parálise cerebral. Esta situación obrigouna a adaptar os materiais e actividades en todas as áreas, coa finalidade de que o alumno puidese acceder a todos os contidos do currículo posibles.
- Nesta sesión amosaranos os materiais que, ata o momento, foi realizando para este alumno cunha capacidade motora moi limitada pero cunha capacidade intelectual moi boa e cunhas ganas de aprender fantásticas.

**YOLANDA FONTÁN FERNÁNDEZ (Mestra do CEIP Mestre Martínez Alonso - Mos)**

\* Por tratarse de actividades simultáneas, no seu momento notificárase a todas as persoas inscritas, por correo electrónico e con anterioridade ao inicio das Xornadas, como e onde decidirse por unha delas.

# Programación

## **SÁBADO, 10 DE MAIO (tarde)**

SINATURAS (15:45 - 16:00)

### **7. EDUCANDO COS ESPAZOS. OS LUGARES COMO AXENTES MODELADORES** **(16:00 - 17:00)**

- Os seres humanos movémonos en dúas coordenadas: espazo e tempo, espazos e tempos, e en base a eles estruturamos os nosos sistemas educativos. En ocasións estes coartan e limitan as capacidades do noso alumnado, pero cando son utilizados cunha finalidade pedagóxica, convértense en fieis aliados no proceso de ensino e aprendizaxe.
- Neste relatorio realizaremos un paseo polas posibilidades dos espazos como axentes modeladores das persoas, que dialogan con nós e nos estimulan, coñeceremos un exemplo paradigmático, o das escolas dos indianos García Naveira, e achegaremos suxestións prácticas de como reformular os nosos lugares de traballo para atender máis e mellor á diversidade dos nosos nenos e nenas.

**Duración: 1 hora**

**XOSÉ TOMÁS DÍAZ TEIJO (Ilustrador, guionista e profesor de inglés no CPI Manuel Suárez Marquier - O Rosal)**

### **8. EDUCAR NO SÉCULO XXI. “Do que a maioría sabemos, todos queremos e moitos esquecen”** **(17:00 - 18:30)**

- Sen optimismo non pode existir a educación. Educar é pensar en futuro, para iso requírese do profesorado a convicción de que o que está a facer paga a pena. A implicación directa do profesorado e unha visión clara dos efectos que vai ter a súa acción no alumnado e na sociedade do futuro.
- Demostrouse que as persoas optimistas teñen o corazón máis san, pola mesma regra de tres necesitamos unha escola optimista que faga que o seu motor, o motor de crecemento de calquera sociedade (educación), tamén estea máis san.
- Transformar a educación non é engadir, é modificar o que hai para obter máis rendibilidade con menos esforzo.
- Nun mundo tan cambiante como o actual só sobreviven aquelas organizacións que saben adaptarse aos cambios con rapidez.
- A vida do centro ten que estar impregnada dunha sensibilización, que se reflicta sobre todo nunha actitude de respecto.
- Reinventarnos no trebón, EDUCAR con paixón e sabedoría pedagóxica. É necesario crear marcos nos que cada persoa se sinta inspirada para crecer creativamente e permitir que a escola medre. Comprometernos co presente e prepararnos para o futuro, un futuro do que só sabemos que será diferente.

**Duración: 1 hora e 1/2**

**M<sup>a</sup> DEL MAR ROMERA MORÓN (Mestra, licenciada en pedagogía e en psicopedagogía. Especialista en Intelixencia Emocional e presidenta da Asociación Pedagóxica Francesco Tonucci)**

**DESCANSO 18:30 - 18:55**

## CLAUSURA (19:00 - 19:15)

Director do CEIP Francisco Vales Villamarín  
Alcalde do Excmo. Concello de Betanzos

### 9. MARÍA FUMAÇA, PROXECTO LITERARIO E MUSICAL QUE ACHEGA OPTIMISMO SOBRE A DISCAPACIDADE NA INFANCIA (19:15 - 20:15)

- Un mollo de artistas únense para botar a andar a locomotora musical máis divertida, atolada e sensible que nunca se viu. María Fumaça é un proxecto literario e audiovisual, constituído por un libro máis un CD e un DVD que gravita arredor da festa e da felicidade, pero tamén arredor de Ruí, un cativo que a pesar das súas dificultades pode gozar da música, cantar e bailar. Por iso, os temas musicais insisten na festa e fan bo o lema que preside todo o traballo: *Cantar e bailar para ser máis feliz*. Estamos diante dun dos libro-discos máis sorprendentes de todos cantos se teñen publicado na nosa lingua nos últimos anos e xa van alá 3 edicións, camiño da cuarta.
- María Fumaça é tamén unha defensa da vida fronte a discapacidade, que pode estar nos corpos pero nunca nas almas que queren gozar. O proxecto María Fumaça gravita arredor de Ruí, un cativo moi especial para quen os seus amigos músicos quixeron crear este libro-disco-dvd cheo de propostas pegadizas e toadas maravillosas. O traballo de ilustración, a edición dos videoclips, as letras... todo está pensado para que se cumpra o lema co que abre María Fumaça: *Cantar e bailar para ser máis feliz*.
- Para esta ocasión estarán a madriña Uxía, Sérgio Tannus, Magín Blanco, Ruí, a nai e o pai Chus e Manuel, Ana e Andrés.
- Aí estarán, subid@s no tren máis festeiro que nunca houbo nin haberá...

**Duración: 1 hora**

**UXÍA SENLLE e FAMILIA FUMAÇA**

## ESTÁN INCLUÍDAS PARA INCLUÍR

Nesta edición, e é intención que igualmente nas futuras, contaremos coa presenza de asociacións que traballan a prol da inclusión. Os seus e as súas representantes disporán dun espazo ao efecto e estarán perfectamente acreditados e identificables e dispostos a facilitar toda a información que poidamos demandarlles.

## TÍTULOS POLA INCLUSIÓN (Libraría Carricanta. Exposición e venda)

A carón do propio edificio Liceo (sede principal das Xornadas), nun posto para o efecto, a libraría betanceira Carricanta ofertará aos asistentes e ao público en xeral un amplo mostrario de títulos dos seus fondos editoriais relacionados coa inclusión e a diversidade.

**III XORNADAS  
DE FORMACIÓN E  
SENSIBILIZACIÓN  
SOBRE A  
ATENCIÓN  
À DIVERSIDADE**



**BETANZOS,  
9 e 10 DE MAIO DE 2014**

